



Concello de
SOUTOMAIOR
PONTEVEDRA

**CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SOUTOMAIOR E O
CLUB AMIGOS WHU-SHU DE ARCADE
CIF: G-36366201**

En Soutomaior a 1 de Xullo de 2021

REUNIDOS:

Dunha parte **D. Agustín Reguera Ocampo**, con DNI núm. 36057006K, actuando en nome e representación do **Concello de Soutomaior**, na súa calidade de Alcalde, en virtude das facultades representativas que lle atribúe a Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia

De outra parte, **D. Pablo Ortega Alvarez** con DNI núm. 36078198-F na súa calidade de Presidente/a do **Club Amigos de Whu- Shu de Arcade** (o cal acredita mediante certificación da Secretaría do Club)

Actúan ambos coa representación que legal e regulamentariamente teñen concedida, recoñecéndose reciprocamente os asinantes do presente documento plena capacidade para á firma do presente CONVENIO e para o efecto


EXPOÑEN:

PRIMEIRO.- Que o Concello de Soutomaior ten como unha das súas competencias as actividades e instalacións culturais e deportivas, a ocupación do tempo de lecer e o turismo, de acordo co previsto no artigo 80.2 n) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

SEGUNDO.- Que nas Bases Xerais do Orzamento municipal do ano **2021**, e actualente vixente, establécense as subvencións nominativas, e entre elas figura a concedida ó Club Amigos Whu-Shu de Arcade para mantemento e promoción de actividades nunha cuantía de **700** euros, con cargo á partida 340.480.

TERCEIRO.- Que o Club Amigos do Whu- Shu de Arcade ten dentro dos seus fins principais os seguintes:

Promover o deporte a nivel xeral dentro das normas da súa Federación Deportiva, sobre todo o que se atén ó deporte base.





**Concello de
SOUTOMAIOR
PONTEVEDRA**

CUARTO.-

A) Que consta no Rexistro de Asociacións do Concello de Soutomaior a seguinte documentación:

- CIF e estatutos da entidade.
- Certificación de conta bancaria.
- NIF da representación legal

Aporta certificación da Secretaría de que ditos datos non sufriron modificación.

B) Que aporta neste acto certificación da Secretaría da entidade de non estar incurso en causas de incompatibilidade ou incapacidade para contratar e percibir subvencións ou axudas da Administración Pública.

Polo anterior, ámbalas dúas partes asinantes acordan outorga-lo presente convenio de colaboración en base ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- O obxecto do presente Convenio é regula-la colaboración entre o Concello de Soutomaior e o Club Amigos de Whu-Shu de Arcade e deste xeito fomenta-lo deporte de acordo coas competencias propias do Concello e os fins que caracteriza ó Club Amigos de Whu- Shu de Arcade.

SEGUNDA.- O Club Amigos de Whu- Shu de Arcade comprométese a:

1) Participar ou organizar de maneira gratuíta o Trofeo Concello de Soutomaior da súa modalidade deportiva (previo acordo das datas da súa realización) ou ben colaborar nas actividades deportivas que se promovan dende a Concellalía de Deportes.

2) Na publicidade das súas actividades farase constar que "colabora o Concello de Soutomaior", e no seu uniforme oficial figurará o escudo do Concello indicando "Concello de Soutomaior".

3) Someterse as actuacións de comprobación que respecto a xestión dos fondos outorgados poida facer o Concello, así como calquera outras de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, aportando canta información sexa requerida no exercicio das súas actuacións.



Concello de
SOUTOMAIOR
PONTEVEDRA

TERCEIRA.- O Concello de Soutomaior se compromete a colaborar no mantemento e promoción de actividades do Club Amigos de Whu- Shu de Arcade cunha subvención de **700 €uros** na temporada 2021, con cargo á partida 340.480 do Orzamento municipal. O libramento da axuda efectuarase previa xustificación do investimento realizado debendo presentar os seguintes documentos:

- Declaración da Presidencia do Club das actividades realizadas ou a realizar na temporada 2020.
- **Facturas orixinais** ou fotocopias debidamente compulsadas relacionadas coa promoción e mantemento do Club, ou coa actividade realizada no seu caso.
- Acreditación do gasto realizado, e dicir, que foi efectivamente pagado podendo acreditarse mediante copia da transferencia bancaria efectuada , recibo de pago da entidade que emite a factura ou que na factura conste: pagado, data, firma e selo da empresa
- Declaración Xurada de estar ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias (có Concello, O.R.A.L., Facenda do Estado, Facenda da Xunta e fronte á Seguridade Social).
- Certificado das subvencións ou axudas concedidas ou recibidas doutras Administracións Públicas ou Entidades Privadas para o mesmo fin ou pola contra de non haber recibido nin solicitado ningunha subvención pública ou privada para o mesmo fin.

O prazo de xustificación rematará o día 30 de Novembro do ano en curso, salvo aquelas actividades que se realizan no último trimestre do ano, neste caso poderá ser xustificada antes do 31 de xaneiro do ano seguinte. De non xustificarse antes de ditas datas perderase o dereito a esixila.

Á vista da documentación xustificativa presentada, o Sr. Alcalde estimará o cumprimento das actividades subvencionadas, e procederá , no seu caso ó recoñecemento e pago da mesma.

O aboamento da subvención ou axuda farase efectivo por medio de ingreso na conta bancaria da entidade financeira que figura no certificado de conta solicitado.



**Concello de
SOUTOMAIOR
PONTEVEDRA**

CUARTA.- O Club beneficiario queda sometida á responsabilidade e ó réxime sancionador establecido no artigo 40 da Lei 39/88, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais así como no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións

QUINTA.- Para o cumprimento do presente convenio créase unha Comisión Mixta de Seguimento, formada polo Concelleiro de Deportes do Concello de Soutomaior e a Presidencia do Club Amigos de Whu-Shu.

Dita Comisión será a encargada do seguimento, interpretación e control do convenio, así como, de se-lo caso, arbitra-los mecanismos de solución de controversias e de denuncia do convenio por algunha das partes.

SEXTA.- O presente convenio ten natureza administrativa, rexéndose, os seus efectos, polo disposto nas cláusulas do mesmo e, no seu defecto, pola Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. Será competente para entender nos litixios que puideran xurdir a Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

SÉPTIMA.- O incumprimento de calquera das cláusulas do Convenio constituirá causa suficiente de rescisión deste.

OCTAVA .- A vixencia do presente Convenio será dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2021.

O presente Convenio obriga ó cumprimento do expresamente pactado, someténdose ámbalas dúas partes ó acordado en tódalas estipulacións.

En proba de conformidade asinan o presente Convenio , que se estende por duplicado, no lugar e data anteriormente indicada.

O ALCALDE

A PRESIDENCIA DO CLUB